

Memoria de actividades 2023



Benvinda do director científico do CiTIUS.....	1
1 Estrutura	2
Órganos de goberno e asesoramento	3
Dirección do CITIUS	3
Comisión Reitora	4
Comisión Científica Externa.....	4
Consello Empresarial e Social	5
Comisión de Apoio á Dirección.....	6
Programación científica.....	6
O Plan Estratéxico do CITIUS	6
2 Equipo humano	9
Persoal investigador vinculado.....	9
Persoal investigador non vinculado.....	10
Bolsseiros/as de inicio á investigación	11
Unidades de apoio.....	12
3 Financiamento.....	14
4 Participación en proxectos e redes de investigación	16
Proxectos de investigación	16
Proxectos de cooperación público-privada e transferencia	25
Redes.....	26
5 Resultados de Investigación.....	27
Produción científica	27
Dirección de teses de doutoramento:.....	27
Premios e recoñecementos:.....	28
Participación en asociacións científicas, comités editoriais de revistas e comités de congresos	29
Relatorios científicos noutros centros e organismos.....	31
6 Formación	33
Participación do CiTIUS na formación regrada	33
Formación non regrada	33
Programa de formación CITIUS	34
Doctoral Meeting	35
Programa de relatorios CiTIUS	36
Estadías de investigación en centros.....	37
Organización de eventos científicos.....	40
7 Difusión	44
Actividades de divulgación científica.....	45
Programa de Visitas Guiadas.....	45
Xornada de portas abertas Ciencia Singular	46
Inside the Lab	47
Noite Europea do Persoal Investigador en Galicia (G-Night).....	48
Achégate ao CITIUS: Xornada de Portas Abertas dirixida ao alumnado de grao e máster da USC	49
Proxectos de Colaboración STEMBach	49
Mentes Singulares	50
Relatorios impartidos por investigadores do CITIUS noutros centros.....	50
O CITIUS nas redes sociais	51
O CITIUS nos medios.....	51
8 Igualdade.....	54

ANEXOS

ANEXO I:Equipo humano

ANEXO II:Teses de doutoramento defendidas no ano 2023

ANEXO III: Premios e recoñecementos 2023

ANEXO IV: Participación do CITIUS na formación regrada

ANEXO V: Estadías de persoas investigadoras externas ao CITIUS

ANEXO VI: Relatorios Impartidos Noutros Centros



Centro Singular de Investigación
en Tecnologías Intelixentes



Benvida do director científico do CiTIUS

As tecnoloxías intelixentes emerxen como piares fundamentais dunha transformación sen precedentes, marcando o inicio dunha nova dimensión na interacción humana, a xestión empresarial e o desenvolvemento socioeconómico. Entre estas, a intelixencia artificial (IA) destaca non só pola súa capacidade para procesar e analizar grandes volumes de datos a velocidades inimaxinables, senón tamén polo seu potencial de aprendizaxe, adaptación e toma de decisións de maneira autónoma.

Esta capacidade única da IA de replicar e, en certos aspectos, superar a competencia humana en problemas concretos pero complexos, subliña o seu valor intrínseco na solución de moitos dos desafíos contemporáneos, desde a medicina personalizada, ás tecnoloxías lingüísticas ou á automatización industrial, por poñer só algúns exemplos nos que investigamos no CiTIUS.

Neste contexto, a existencia de centros de investigación especializados en tecnoloxías intelixentes convértese nun factor crítico para o posicionamento estratéxico dun país que queira estar na vangarda da innovación tecnolóxica e gañar en competitividade e produtividade. Neste sentido, o CiTIUS cumpre unha clara función estratéxica, actuando como un viveiro de ideas e talento excepcional. Ademais, a nosa investigación de vangarda non só busca a excelencia académica, senón tamén a aplicación práctica dos achados, buscando solucións a problemas reais que melloren a calidade de vida, fomenten a inclusión social, impulsen a economía e cren emprego de calidade. Isto implica un compromiso coa relevancia social e económica dos proxectos de investigación e desenvolvemento, garantindo que os beneficios das tecnoloxías intelixentes sexan accesibles para toda a sociedade.

Finalmente, calquera proxecto no ámbito das tecnoloxías intelixentes debe enmarcarse nun compromiso firme cos principios éticos, sociais e ambientais, cumprindo coa lexislación vixente, o desenvolvemento económico sostible e a creación de emprego de calidade, así como o aseguramento de que o deseño e aplicación destas tecnoloxías se realice de maneira responsable e fiable.

Estamos seguros de que nesta memoria apreciarás que todo o anterior non son simplemente boas palabras, senón que se reflicte no noso quefacer diario.

Quero acabar co agradecemento a todo o persoal do centro. Sen dúbida son as persoas do CiTIUS as que fan posible que cada ano sexa aínda mellor que o anterior, e que afrontemos o seguinte coa ilusión de que volva a ser así.



Senén Barro Ameneiro
Director científico do CiTIUS

1 Estructura

O Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes da Universidade de Santiago de Compostela (CiTIUS) é un dos diez ¹Centros de Investigación acreditados pola Xunta de Galicia e referente no ámbito da IA. Forma parte da Rede de Centros Singulares de Investigación da USC (RCCSI), un modelo pioneiro en Galicia recoñecido polo goberno de España en 2009 dentro da primeira convocatoria de Campus de Excelencia Internacional. Os centros da RCCSI (CiTIUS, CiQUS, CiMUS e IGFAE) forman parte, xunto con outros catro centros do sistema universitario galego, da rede de centros de investigación recoñecidos pola Xunta de Galicia. No ano de elaboración desta memoria, 2024, estes catro centros obtiveron por parte da Xunta de Galicia a **cualificación "A"** tralo previo informe dun comité avaliador externo. e posterior acordo do Consello da Xunta de Galicia.

Os centros da rede RCCSI actúan baixo catro requirimentos básicos:

- Selección competitiva do persoal investigador por parte dunha Comisión Científica Externa (CCE).
- Vinculación formal do persoal investigador con criterios e pautas de vinculación e permanencia sobre a base da avaliación continuada da súa actividade realizada pola CCE.
- Programación científica formulada en base a unha planificación estratéxica medible e ligada ao cumprimento de obxectivos.
- Dirección científica executiva que coordine as capacidades do persoal investigador do centro para acadar os obxectivos establecidos no Plan Estratéxico e no correspondente Plan de Acción.


En base a estes catro principios, en maio de 2010 o Consello de Goberno da USC aproba o Regulamento de Réxime Interno do CiTIUS no que se desenvolve, entre outras, a estrutura organizativa do centro. Este regulamento foi modificado en dúas ocasións, en 2019 e 2021, para incluír, entre outros, os seguintes cambios:

- A modificación na estrutura de dirección do centro, que pasa a estar exercida por un/ha director/a científico/a e un/ha director/a adxunto/a, así como a definición das funcións de cada unha destas figuras. Esta modificación implica tamén a desaparición da figura do/a xestor/a técnico/a.
- A incorporación á Comisión Reitora das novas figuras de dirección, así coma do secretario/a xeral de Universidades da Xunta de Galicia e o xerente da USC.
- Engádense dous comités asesores: Comité de Apoio á Dirección e Comité Empresarial e Social.
- Establécense as novas categorías de investigador vinculado permanente/non permanente e investigador colaborador.

¹ Segundo a resolución da Xunta de Galicia do ano 2024, ano de elaboración desta memoria.

Previamente, en abril de 2019, a Comisión Reitora do CiTIUS aprobou o cambio de nome do centro, autorizado no mesmo mes por resolución da Secretaría Xeral de Universidades. Dende ese momento o centro comeza unha nova etapa como Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes da Universidade de Santiago de Compostela.

Órganos de goberno e asesoramento



O CiTIUS conta con distintos órganos de goberno e asesoramento, tanto internos como externos á USC, que se presentan brevemente a continuación. Información máis detallada sobre a función de cada un deles, pode atoparse na páxina web do centro².

Dirección do CiTIUS

A dirección do centro está formada polo profesor Senén Barro coma director científico e a profesora Paula López coma directora adxunta. Na páxina web do CiTIUS³ pode consultarse máis polo miúdo o Regulamento de Réxime Interno do CiTIUS, onde se detalla, entre outros, as funcións dos órganos de dirección do centro, así coma unha breve reseña curricular do director científico e da directora adxunta.

² <https://citi.usc.es/citi/organization/>

³ <https://citi.usc.es/centro/documentacion>



Senén Barro, director científico e Paula López Martínez, directora adxunta do CITIUS

Comisión Reitora

Durante este ano 2023 houbo modificacións na composición da Comisión Reitora: a profesora Pilar Bermejo Barrera substitúe a Vicente Pérez Muñuzuri como Vicerreitora de Investigación e José Manuel Garrido Fernández pasa a ser o representante do Consello de Goberno da USC, polo que a finais de ano a composición da devandita Comisión queda como se indica a continuación:

Antonio López Díaz, Reitor da USC e Presidente da Comisión.

José Alberto Díez de Castro, Secretario Xeral de Universidades.

Pilar Bermejo Barrera, Vicerreitora de investigación da USC.

Javier Ferreira Fernández, Xerente da USC.

José Manuel Garrido Fernández, representante do Consello de Goberno da USC.

Cecilia Sierra Rey, Presidenta do Consello Social.

Senén Barro Ameneiro, Director Científico do CITIUS.

Paula López Martínez, Directora Adxunta do CITIUS.

Comisión Científica Externa

A finais do ano 2023 a composición desta Comisión é a que se indica:

Prof. Dr. Ramón López de Mántaras, profesor do Institut d'Investigació en Inteligencia Artificial do Centro Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)

Prof. Dr. David Atienza, da École Polytechnique Fédérale de Lausanne (EPFL)

Prof. Dr. Gustavo Alonso, da Eidgenössische Technische Hochschule Zürich (ETHZ)

Prof. Dr. Francisco Tirado, director do Centro de Supercomputación Complutense da Universidade Complutense de Madrid (UCM)

Prof. Dr. Pedro Larrañaga, da Universidade Politécnica de Madrid (UPM)

Prof. Dra. Maite Taboada, da Simon Fraser University (SFU)

Prof. Dra. Ana Paiva do Instituto Superior Técnico, INESC-ID, Universidade de Lisboa (Portugal)

Consello Empresarial e Social

Con respecto á anualidade anterior, houbo variacións nos membros do Consello Empresarial e Social: D. Elías Castro González é substituído por D. Andrés García-Rodeja como representante de DXC Technology, quen á súa vez foi substituído como representante de Inditex por D^a Silvia Ferreiras Barragans. Así mesmo, D. Joaquín Ponz Macho de Quevedo é o novo representante de Indra no Consello. A finais de 2023 a composición do CES é a seguinte:

Clara Jiménez Piñar, xefa de operacións de South Summit

Antonio de la Prieta Antoli, director Centro Avanzado de Tecnoloxía Accenture España

Andrés García-Rodeja Fraga, Responsable Data & Analytics Iberia DXC Technology Galicia

Antonio Agrasar Cascallar, conselleiro delegado de Plexus Tech

David Pascual Portela, freelance

Nuria Oliver, directora científica e cofundadora de ELLIS Alicante Foundation

Antonio Rodríguez del Corral, presidente do Cluster TIC Galicia e CEO de CINFO

Silvia Ferreira Barragans, Directora de Data Science, Tecnoloxía y Datos de Inditex

Javier Santiso, CEO & General Partner de Mundi Ventures

Inmaculada Rodríguez Cuervo, directora xeral de Unirisco Galicia SCR

Jorge Barrero Fonticoba, director xeral da Fundación Cotec

Idoia Salazar, presidenta de Odisela

Santiago Rey Requejo, CEO de Televes

Víctor Álvarez Santos, CEO e fundador de Situm

Joaquín Ponz Macho de Quevedo, D&S Chief Product Officer de Indra

Alberto Pinedo, responsable nacional de tecnoloxía de Microsoft



Comisión de Apoio á Dirección

O centro conta tamén cunha estrutura interna, a Comisión de Apoio a Dirección, creada por recomendación da CCE está formada por 6 investigadores vinculados (nomeados polo director/a científico), a dirección científica, a dirección adxunta e a unidade de xestión do coñecemento e a transferencia. É un órgano de carácter consultivo coa finalidade de asesorar ao/á director/a científico/a no que este estime oportuno.

A finais de 2023 estaba formada polos seguintes investigadores e investigadoras vinculados:

Dora Blanco Heras
Alberto Bugarín Diz
Natalia Seoane Iglesias
José Manuel Cotos Yáñez
Juan Carlos Pichel Campos
Manuel Lama Penín

Programación científica

O CiTIUS organiza a súa actividade investigadora en torno a diferentes eidos científicos. Actualmente organiza a súa actividade en 4 ámbitos, que van dende os dispositivos e máquinas ata o nivel social: o das persoas. Sendo estes:

- Ámbito 1: Dispositivos e computación verde e intelixentes
- Ámbito 2: Fundamentos da IA
- Ámbito 3: Tecnoloxías intelixentes
- Ámbito 4: Marco ético, social, económico e cultural (ELSEC) que engloba, afecta e vese afectado por todos os anteriores

Ao mesmo tempo, estes ámbitos desagreganse nunha serie de programas científicos, seguindo a seguinte estrutura:

- Ámbito 1: (1) Deseño electrónico de dispositivos intelixentes e (2) Computación de altas prestacións;
- Ámbito 2: (3) Aprendizaxe e razoamento automáticos, (4) Ciencia e enxeñería de datos e procesos;
- Ámbito 3: (5) Realidade virtual e aumentada, (6) Tecnoloxías da linguaxe, (7) Visión por computador, (8) Robótica;
- Ámbito 4: (9) IA fiable.

O Plan Estratéxico do CiTIUS

O CiTIUS rematou na anualidade 2023 o seu **III Plan Estratéxico 2020-23 (PE)**. O mesmo, foi desenvolvido a través dun proceso colaborativo no que participaron os distintos colectivos que desenvolven a súa actividade no centro, así como profesionais destacados de entidades públicas e privadas relacionadas coa IA. Este, ao igual que os

anteriores, foi elaborado en estreita relación coa CCE, que ademais o validou na súa redacción final e fai o seguimento deste durante a súa vixencia. O seu principal obxectivo consistiu no impulso á especialización no ámbito das Tecnoloxías Intelixentes e o desenvolvemento dunha investigación do máximo impacto científico, social e económico, co fin de acadar unhas condicións de excelencia científica, así como unha maior internacionalización, en particular a través de proxectos das convocatorias H2020 e Horizon Europe. As sucesivas avaliacións e revisións do PE reflíctense nun informe de seguimento que é obxecto de actualización continua e que, a data de finalización do mesmo, amosaba un cumprimento do 95% das accións.

O Plan, ademais, afondou na profesionalización da actividade de apoio á investigación e na creación do conxunto de comisións que apoian o funcionamento do centro. En concreto, no ano 2020 puxéronse en marcha dúas comisións:

Comisión de Formación e Carreira Profesional: esta comisión, formada por persoal investigador vinculado, persoal investigador posdoutoral, persoal investigador en formación e membros das unidades de apoio á investigación, ten como principal obxectivo o deseño e a programación do novo Programa de Formación, así coma o deseño de procedementos de asesoramento e apoio que permitan ao persoal investigador en formación desenvolver unha carreira profesional cunha proxección de máximo nivel. A finais de 2023 conformaban a Comisión de Formación:

- Diego Cabello Ferrer (Coordinador)
- María José Carreira Nouché
- Tomás Fernández Pena
- Marta Núñez García
- César Díaz Parga
- Pedro Gamallo Fernández
- Francisco Javier Cardama Santiago
- Félix Díaz Hermida
- Pilar Martínez Carou
- María Regueira Muñiz

Comisión de Igualdade: formada por persoal investigador vinculado, persoal investigador posdoutoral e persoal investigador en formación, e membros das unidades de apoio á investigación. A comisión ten coma principal obxectivo velar polo principio de igualdade e non discriminación en todos os procesos internos do centro. A finais do ano 2023 a Comisión de Igualdade estaba formada por:

- Paula López Martínez (Coordinadora)
- Diego Cabello Ferrer
- Natalia Seoane Iglesias
- Álvaro Ordóñez Iglesias
- Cristina Carbajal Pérez
- Marcos Fernández Pichel

- María Tenorio Miranda

Na [páxina web do CITIUS](#) pode consultarse o resumo executivo do Plan Estratéxico⁴.

No último trimestre de 2023, O CITIUS empezou a traballar na súa nova planificación estratéxica 2024-2027. A súa principal prioridade consistirá en continuar avanzando na relevancia e impacto da investigación realizada. Tamén perseguirá lograr o recoñecemento como Unidade de Excelencia María de Maeztu, non sendo este un fin en si mesmo, ben é certo, pero si un medio para lograr máis recursos, unha maior capacidade de atracción de talento e maior visibilidade e proxección social. Tamén considera clave reforzar a presenza e participación en ecosistemas locais, autonómicos, nacionais e internacionais, dentro dos ámbitos científicos do centro (centros de investigación, centros tecnolóxicos, empresas, hospitais, organizacións sociais e outros axentes públicos e privados de interese en cada sector de actividade). Esta idea xa se segue no proxecto *NÓS*, na *Cátedra ENIA* e na *Cátedra Chip*⁵, que articulan potentes ecosistemas científico-tecnolóxicos dende a súa concepción. Xorden tamén de forma natural en todas as propostas internacionais nas que participa o Centro.

⁴ <https://citius.usc.es/centro/documentacion>

⁵ No ano de elaboración desta memoria, 2024, ambas cátedras foron avaladas segundo resolución ministerial da convocatoria da "Secretaría de Estado de Digitalización e Inteligencia Artificial" para financiar Cátedras universitarias.

WALL OF SHAME

JOSE	TERESA	THOMAS
LORRENZO	ESTHER	MIRIAM
EFREN	T. RABELO	ADRIANA
MARTIN	LANDO	ISMAEL
VICTOR	SHAHED	BORJA
ANDREA	ALVARO	TROLL
CHARLEA	YAGO	RAGUEL
ILLIANA	NACHO	JUAN
ISA	ANDREA (BAD)	MARCOS
JAVI	RADUT	

2 Equipo humano



Persoal técnico de apoio e investigador do CITIUS

O cadro de persoal do CITIUS está formado por máis de 130 investigadores e investigadoras que se integran nos programas científicos do centro, formando un equipo multidisciplinar que engloba persoal investigador de diferentes disciplinas científicas (Física, Enxeñaría Informática, Enxeñaría en Telecomunicacións, Matemáticas, Filoloxía ou Estomatoloxía). Xunto co persoal investigador, o centro conta con once técnicos integrados nas unidades de apoio, encargados de dar soporte á investigación desenvolvida no centro.

O persoal do CITIUS divídese nas seguintes categorías:

Persoal investigador vinculado


A finais do 2023 o CITIUS contaba con 35 investigadores e investigadoras vinculados avaliados pola Comisión Científica Externa (CCE).

A Comisión Reitora ratificou na súa reunión de 30 de maio de 2023, as solicitudes de vinculación ao CITIUS dos investigadores **Alejandro Catalá Bolós**, **Marcos García González**, **Nelly Condori Fernández** e **Juan Carlos Vidal Aguiar**, que foran avaliadas positivamente anteriormente pola Comisión Científica Externa do centro.

O persoal investigador vinculado compaxina a súa actividade investigadora coas tarefas docentes en diferentes titulacións de grao e máster da USC.

No seguinte gráfico pódese observar á distribución en categorías profesionais do persoal vinculado ao CITIUS, así como a evolución na carreira deste persoal que tivo un impulso importante no ano 2023.

Evolución persoal vinculado 2022-2023




Persoal investigador non vinculado

O CITIUS conta cun cadro de persoal investigador e técnico composto por máis de 115 persoas nas diferentes etapas da súa carreira investigadora. Este grupo engloba o persoal investigador doutor non vinculado ao CITIUS, o persoal investigador colaborador, o persoal investigador predoutoral, o persoal técnico contratado para o desenvolvemento de proxectos de investigación e os bolseiros e bolseiras de colaboración que están no inicio da súa carreira investigadora.

No gráfico que se amosa a continuación pódese ver a distribución deste persoal:

Categorías persoal investigador no vinculado



- Persoal Investigador Doutor
- Persoal Investigador Predoc
- Persoal Investigador contratado proxectos (no doutores)

Persoal investigador doutor: O CiTIUS contaba a finais de 2023 con 10 investigadores e investigadoras posdoutorais, incorporados con cargo a diferentes figuras contractuais: 1 investigador Beatriz Galindo, 1 investigador María Zambrano e 8 investigadores contratados con cargo a proxectos. Por outra banda, 18 investigadores intégranse dentro da figura de Investigador Colaborador do CiTIUS.

Persoal investigador predoutoral: A finais de 2023 o persoal investigador do CiTIUS estaba a dirixir un total de 64 teses de doutoramento, a meirande parte delas adscritas ao Programa de Doutoramento de Investigación en Tecnoloxías da Información da USC, mais tamén estanse a dirixir 10 teses adscritas a outros programas tanto da USC coma doutras universidades. En 2023 estábanse a dirixir un total de 24 teses de persoal investigador estranxeiro procedente de 14 países distintos. En ese ano os investigadores/as Laura Vicente García, César Díaz Parga, Manuel Bendaña Gómez, Víctor Xesús Barreiro Domínguez e Anna Temerko obtiveron financiamento para o desenvolvemento das súas teses a través de convocatorias nacionais e autonómicas. En total, 19 investigadores están contratados a través de convocatorias competitivas.

Persoal investigador contratado para o desenvolvemento de proxectos de investigación (non doutor): O CiTIUS contou no 2023 con dezaioito investigadores e investigadoras contratados para o desenvolvemento de proxectos de investigación, demostradores tecnolóxicos, proxectos de transferencia etc.

Bolseiros/as de inicio á investigación

A captación de talento dende as etapas máis temperás da carreira investigadora é fundamental para un centro de investigación que aspira a ser punteiro tanto no ámbito nacional coma internacional. Por este motivo, o CiTIUS estableceu unha política de captación e xestión de RRHH que inclúe a incorporación de persoal investigador con grande potencialidade que, en moitos casos, son incorporados ao centro antes incluso de rematar os seus estudos de grao ou máster.

Esta política inclúe a incorporación de estudantes a través das seguintes convocatorias públicas:

Bolsas de colaboración en departamentos universitarios: O CiTIUS acolle cada ano bolseiros/as de inicio á investigación no marco da convocatoria de bolsas de colaboración en departamentos universitarios do Ministerio de Educación y Formación Profesional. No 2023 incorporáronse 5 bolseiros

Bolsas alumnado de máster: Convocatoria CiTIUS para a incorporación de alumnado de máster que financiado con cargo á axuda do centro. En 2022, os centros CiQUS, CiMUS, IGFAE e CiTIUS da RCCSI publicaron unha convocatoria conxunta para a incorporación de alumnado de máster. Esta convocatoria, financiada con cargo á axuda do centro, asume o coste da contratación a tempo parcial de alumnado interesado en realizar un

TFM baixo a dirección do persoal investigador vinculado ao centro. En xaneiro de 2023 comezaron os contratos dos sete alumnos seleccionados nesta convocatoria.

Bolsas de verán CitiUS: En maio de 2023 a Rede de Centros Singulares de Investigación da USC publicou unha nova convocatoria conxunta para o financiamento de bolsas de verán, financiadas con cargo á actividade “Accións dinamización: Xornadas de portas abertas e bolsas de verán. Convenio Accións I+D 2023” (Rexistro 2023-AD024) destinadas ao alumnado de alto nivel na que se incorporaron catorce bolseiras e bolseiros de diferentes graos.



*Senén Barro, director científico do
CITIUS, cos bolseiros de verán*

Unidades de apoio

O CitiUS contaba con catro unidades de apoio á Investigación compostas por once persoas ao longo de 2023. Oito contratadas a través da *Axuda para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do sistema universitario de Galicia* e tres contratadas con proxectos específicos do centro aos que lle dan apoio.

O traballo das unidades de apoio é fundamental para o funcionamento do día a día do Centro:

Unidade de xestión do coñecemento e a transferencia (KMT), formada por catro técnicos: céntrase na xestión interna da I+D, identificación de novas oportunidades de financiamento, protección de resultados, transferencia de coñecemento e tecnoloxía, promoción do emprendemento, proxección e procura de oportunidades a nivel internacional, apoio á solicitude e xestión de proxectos estratéxicos, apoio ás comisións específicas, actualización do sistema de información do centro, soporte á organización de eventos científicos e divulgativos, desenvolvemento de políticas internas e seguimento do plan estratéxico. Esta unidade coordínase coa área de Xestión da I+D+i da USC (OIT), na negociación de contratos e convenios e na xestión de proxectos, e coa

área de Valorización Transferencia e Emprendemento da USC (AVTE), na protección e explotación de resultados e a incubación de spin-offs.

Unidade de xestión de infraestruturas TIC, formada por 2 técnicos: desenvolve as funcións de xestión da adquisición de equipamento informático e técnico, solicitude de axudas para o financiamento de equipamento, dotación de infraestruturas do centro e dos seus laboratorios, xestión de inventario, desenvolvemento e xestión dos sistemas de información que soportan o funcionamento do centro, integración e mantemento de ferramentas software de apoio á investigación e formación de usuarios no uso de ferramentas software e infraestruturas do centro. Esta unidade coordínase coa área de Tecnoloxías da Información e das Comunicacions da USC (ATIC) para a xestión conxunta da rede de comunicacións e o mantemento e explotación do CPD e coa subdirección de ciberseguridade para a seguridade informática das infraestruturas TI do CITIUS.



Fernando Guillén, persoal técnico da Unidade de xestión de infraestruturas TIC do CITIUS no CPD.

Unidade de planificación estratéxica e apoio á dirección, formada por 4 técnicas, unha delas PAS administrativa da USC: desenvolve funcións de planificación orzamentaria, xestión contable, xustificación económica, xestión de RRHH, xestión documental, xestión da produción científica, coordinación da actividade de divulgación, elaboración da memoria de actividades, vixilancia de convocatorias e xestión de convocatorias internas. Esta unidade coordínase coa OIT da USC e co negociado de asuntos económicos do CiQUS, compartido co IGFAE.

Unidade de prensa e comunicación, formada por 1 técnico e puntualmente por estudantes en prácticas: encargada de difundir a actividade do centro en medios de comunicación, a planificación estratéxica da comunicación, a redacción de notas de prensa e a súa difusión a medios, a publicación de noticias e eventos na web, a xestión de redes sociais, o desenvolvemento de contidos audiovisuais para os resultados científicos e o seguimento do impacto nos medios. Esta unidade coordínase coa Oficina de Prensa da USC para a estratexia de publicación a medios e cobertura de eventos.

No [Anexo I](#) pódense consultar as táboas de todo o persoal do centro, tanto investigadores como técnicos.

3 Financiamento

Presentamos a continuación os datos de captación de recursos para o período 2019-2023. O importe íntegro de cada proxecto asóciase ao ano no que se captou o recurso, segundo a data de resolución da convocatoria. O montante total de ingresos captados no período **2019-2023 é de 18,79 M €**. O **centro multiplica por 5 o financiamento basal obtido**. Nestas cifras non teremos en conta o financiamento derivado da incorporación de recursos humanos nas convocatorias competitivas no período 2019-2023.

No concepto de **financiamento basal** incluímos o financiamento asociado a *Axuda de Centros de Investigación do SUG* (convocatoria e contratos programa), por un total de 3,39M €. Tamén se inclúe o financiamento basal asociado ao *Contrato-Programa para o apoio institucional aos Centros de Investigación con recoñecemento da Xunta de Galicia da Universidade de Santiago de Compostela* (0,26M €), que repercute parte do financiamento dos costes indirectos captados polo CiTIUS e xestionados pola USC. Recóllense ademais as achegas para o *Programas de Bolsas de Verán* e a organización da xornada *Ciencia Singular* derivado da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (0,13M €). O total do financiamento incluído neste epígrafe ascende a **3,79M €**.

En **actividades de I+D competitivas** preséntase o financiamento asociado a proxectos internacionais (Horizonte 2020 y Horizonte Europa), proxectos estatais e proxectos autonómicos. Inclúese tamén o financiamento asociado a premios e fundacións. A partida máis relevante é a de proxectos internacionais do Programa Marco (4,74M €), así como as de proxectos estatais⁶ (2,93M €) e autonómicos (1,62M €). O total de ingresos en actividades de I+D competitivas ascende a **10,29M €**. É especialmente relevante que máis do **45%** deste fondos pertencen a **proxectos internacionais do Programa Marco**.

No concepto de **infraestruturas científico-tecnolóxicas** inclúese o financiamento asociado á convocatoria de infraestruturas nacionais así como financiamento para a mellora dos sistemas e laboratorios do CiTIUS asociado a convenios autonómicos, por un total de **0,53M €**.

⁶ Non se inclúen os ingresos asociados a proxectos estatais que o CiTIUS co-lidera con outros grupos da USC, xa que non se xestionan economicamente dende o Centro.


En **contratos e convenios** incluímos os ingresos captados en proxectos de I+D desenvolto coa industria⁷ e administracións, así como os convenios con administración dirixidos ó desenvolvemento de proxectos en consorcios público privados (e.g. que inclúe fondos asociados a proxectos NextGeneration e ao PERTE da lingua). O total de fondos captados para este período é de **4.19M €**. Ademais, no período de referencia captáronse **0.27M €** asociados o patrocinio da organización de eventos e outras actividades de I+D. O total de **ingresos asociados a contratos e convenios foi de 4.18M €**.

Na seguinte táboa amósanse a desagregación dos ingresos captados durante o período:

RECURSOS CAPTADOS	2019	2020	2021	2022	2023	TOTAL
1. FINANCIAMENTO BASAL						
TOTAL BASAL	2.291.778 €	28.876 €	64.613 €	808.180 €	592.501 €	3.785.948 €
2. ACTIVIDADES DE I+D COMPETITIVAS						
Internacionais Programa Marco	1.100.760 €	653.301€	1.988.168 €	996.837	-	4.739.066 €
Internacionais (outros)	143.979		55.020	439.111	318.814	956.924 €
Estatais (Retos, Estratégicos)	259.011€	319.748 €	464.167 €	1.077.697 €	817.819 €	2.938.442 €
Galegos (Cons. Educación, GAIN, outros...)		138.267 €	485.000,00 €	673.081€	325.000 €	1.621.348 €
Outros (fundacións, premios...)		2.000 €	500 €	28.775,00 €	-	31.275 €
TOTAL PROXECTOS	1.503.750 €	1.113.316 €	2.992.855 €	3.215.501 €	1.461.633 €	10.287.055 €
3. INFRAESTRUTURAS						
TOTAL INFRAESTRUTURAS	225.116 €	115.841 €	80.000 €	110.000 €	-	530.957 €
4. CONTRATOS, CONVENIOS DE I+D E TRANSFERENCIA						
Contratos e Convenios	634.895 €	290.792,47 €	474.361,63 €	815.585,84 €	1.699.764 €	3.915.399 €
Patrocinios, licenzas e outros	91.945,00 €	138.395,00 €	35.000,00 €	6.500,00 €	500	272.340 €
TOTAL CONTRATOS E CONVENIOS	726.840 €	429.187 €	509.362 €	822.086 €	1.700.264 €	4.187.739 €
INGRESOS TOTAIS CENTRO	4.747.484 €	1.687.220 €	3.646.830 €	4.955.767 €	3.754.398 €	18.791.699 €

⁷ Non se inclúen dous proxectos con LACER, liderados pola investigadora do CiTIUS M. José Carreira e a investigadora colaboradora Inmaculada Tomás, por un total de 132.028,33 €, xa que non se xestionan economicamente dende o CiTIUS.

De cara a presentar unha información máis acorde coa execución de recursos do centro, amosamos a continuación na seguinte gráfica a evolución de fondos captados do CíTIUS cando se supón unha distribución orzamentaria uniforme durante o período de execución de cada proxecto⁸.



4 Participación en proxectos e redes de investigación

Neste capítulo preséntanse os proxectos e redes de investigación nos que participa o persoal investigador do CíTIUS. Inclúense tanto os proxectos de investigación desenvolto no marco das distintas convocatorias autonómicas, estatais e internacionais, como proxectos de transferencia en colaboración con empresas e outras entidades. Tamén incluiremos as redes de investigación nas que se está participando.

Proxectos de investigación

No ano 2023 o CíTIUS iniciou os proxectos internacionais **HORIZON-MSCA-DN HYBRIDS** de 2,6M€ (0,6M€ para o CíTIUS) focalizado na loita contra a desinformación e coordinado polo centro, iRead4Skills (Horizon Europe – RIA, 0,22M€) onde o CíTIUS contribúe con investigación na aplicación de tecnoloxías lingüísticas o ámbito formativo

⁸ A modo de exemplo, para un ingreso de 200.000€ a executar desde o 01.07.20 ao 30.06.22 (24 meses), este distribuirase en 50.000€ en 2020, 100.000€ en 2021 e 50.000€ en 2022

e EDIH Datalife (Digital Europe, CiTIUS) 0,44M, onde desenvolverá 10 servizos tecnolóxicos orientados as PEMES Galegas. Ademais, iniciou dous proxectos da convocatoria POPTEC, TRANSFIRESAUDE e AEROGANP, e un proxecto da convocatoria Erasmus+: AQUATECHInn 4.0 .

Ademais, conseguiu o proxecto SOSFood (2024) Horizon Europe – RIA (con 0,45M€ para o CiTIUS) e o proxecto ROBOTA-SUDOE (0,36M€), que se iniciarán en 2024. Desta forma, o CiTIUS **iniciou ou captou novos proxectos internacionais por máis de 2M€**.

Por outra parte, no eido internacional continúan activas as redes europeas de formación de doutores coordinadas por investigadores do CiTIUS ***“NL4XAI: Interactive Natural Language Technology for Explainable Artificial Intelligence”***, (H2020-MSCA-ETN), na que participan os principais grupos de investigación europeos no ámbito (pertencentes a seis países da UE), e compañías como Indra, Accenture e Inditex; e ***“MENELAOS_NT: Multimodal Environmental Exploration Systems – Novel Technologies”*** (H2020- MSCA-ETN) en colaboración coa Universidade de Siegen e o Fraunhofer, entre outros. Destaca tamén a participación no proxecto ***“MISEL: Multispectral Intelligent Vision System with Embedded Low-power Neural Computing”*** da convocatoria FETPROACT-09-2020 do programa Horizonte 2020, liderado polo *Technical Research Centre of Finland (VTT)* e cun financiamento de 5 M€.

O CiTIUS participa ademais noutros **proxectos internacionais**: nun proxecto de innovación da convocatoria Erasmus+, DITMEP; nun proxecto H2020 de liderado industrial MiniStor, e nos proxectos H2020 ACROBA e SoftManBot, onde un investigador do CiTIUS é director técnico do proxecto e responsable dun paquete de traballo respectivamente, como parte da vinculación á súa anterior institución. Sumado a estes proxectos, tamén participa no REPROHUM, financiado polo Reino Unido.

En canto á **captación de financiamento nacional**, o CiTIUS captou 4 novos proxectos do Plan Nacional e un proxecto do programa de prevención de trastornos do xogo do Ministerio de Consumo por un total de 0,7M€.

Tamén recibiu financiación para o **proxecto Nós**, financiado con fondos Next Generation e coordinado xunto co ILG da USC, por un importe de 2M€ adicionais para as anualidades 2023 a 2025. Destacan especialmente as solicitudes dunha Cátedra ENIA nun proxecto de 1,2M€ liderado polo CiTIUS, onde se contou co compromiso de fondos de Plexus nun proxecto enfocado á colaboración entre os ámbitos da IA e a Saúde, que inclúe no consorcio a CIMUS, CiQUS, CESGA, CITMaga, SERGAS, Fundación IDIS, entre un bo número de axentes relevantes. Tamén a solicitude liderada polo CiTIUS dunha Cátedra Chip resolta recentemente, co compromiso de achega de fondos de Televés, nun consorcio que inclúe ao INL (Laboratorio Ibérico Internacional de Nanotecnoloxía), o CESGA e o Instituto Fraunhofer entre moitos outros, nun proxecto de 2M €, o cal articula un amplo ecosistema arredor de diversas tecnoloxías priorizadas no PERTE de microelectrónica e semicondutores.

Finalmente, durante esta anualidade **renováronse 2 novos grupos de referencia competitiva**, con axudas por un total de 0,67M€. Deste xeito, o CiTIUS contou con 4 grupos de referencia competitiva activos en dita anualidade (Arquitectura de

computadores, Sistemas intelixentes, Visión artificial, Gráficos por computador e enxeñaría de datos). No referente a proxectos de excelencia para investigadores novos, contou con tres proxectos activos en 2023.

A continuación presentamos os proxectos máis relevantes captados ou iniciados durante esta anualidade:

HYBRIDS: Hybrid Intelligence to monitor, promote and analyse transformations in Good democracy practices			
Investigador: Pablo Gamallo Otero		Rol: Líder	
Convocatoria: MSCA-2021-DN		Ref: 101073351	Web: https://citius.gal/es/research/projects/intelixencia-hibrida-para-supervisar-promover-e-analizar-as-transformacions-das-boas-practicas-democraticas
Ano de concesión: 2022	Duración: 01/1/2023-30/09/2027	Presuposto total: 2,6 M €	Presuposto CITIUS: 600.000 € (aprox)
Resumo. Os rumores falsos, as noticias falsas ou a incitación ao odio contra minorías vulnerables a través das redes sociais están a converterse nunha das principais ameazas contra as democracias. Unha estratexia global contra a desinformación é crucial, xa que as sociedades democráticas abertas dependen de cidadáns libres con capacidade de acceder a información verificable para que poidan construír as súas propias opinións. O principal obxectivo científico da rede de formación de doutores HYBRIDS é proporcionar ao persoal investigador os coñecementos necesarios para deseñar estratexias e ferramentas de resposta á desinformación a partir dunha análise profunda do discurso público. Para mellorar as estratexias para facer fronte á desinformación, HYBRIDS integrará o coñecemento estruturado proporcionado polas ciencias sociais e humanas en ferramentas de procesamento da linguaxe natural e algoritmos de aprendizaxe profunda, co fin de desenvolver novos sistemas de intelixencia híbrida.			



O investigador vinculado Pablo Gamallo nunha reunión de traballo dun dos proxectos que lidera

iRead4Skills: Intelligent Reading Improvement System for Fundamental and Transversal Skills Development				
Investigador: Marcos García González		Rol: Socio		
Convocatoria: HORIZON-CL2-2022-TRANSFORMATIONS-01		Ref: 101094837	Web: https://citius.gal/es/research/projects/sistema-intelixente-de-mellora-da-lectura-para-o-desenvolvemento-de-competencias-fundamentais-e-transversais	
Ano de concesión: 2022	Duración: 01/03/2023-28/02/2026	Presuposto total: 2.699.585€	Presuposto CITIUS: 299.575€	
Resumo. A capacidade de lectura é fundamental para adquirir coñecementos técnicos e científicos, xa sexa en contextos de educación e formación formais, como aprendizaxe de adultos, ou en contextos de traballo prácticos e empíricos, como cando as empresas proporcionan información e/o instrucións específicas por escrito aos seus traballadores. As persoas cun baixo nivel de alfabetización teñen menor capacidade para adquirir e manter as competencias transversais e duradeiras necesarias para seguir o ritmo dos cambios no mercado laboral e levar unha vida significativa e completa. O proxecto iRead4Skills ten 2 obxectivos principais: 1) Avaliar e reducir as deficiencias nas competencias de lectura dos adultos con baixo nivel de alfabetización para o desenvolvemento das competencias fundamentais e transversais mediante 2) Apoiar a adopción e difusión de innovacións na forma na que os adultos con baixo nivel de alfabetización adquiren e manteñen competencias transversais e duradeiras.				

EDIH Datalife: Hub de Innovación Digital para el despliegue de Inteligencia Artificial y Data Analytics en PYMEs de los sectores primario, biotecnológico y sanitario				
Investigador Principal: Paulo Félix Lamas		Rol: Socio		
Convocatoria: Digital Europe Programme, European Union		Ref: 101083755	Convocatoria: Digital Europe Programme, European Union	
Ano de concesión: 2022	Duración: 01/2023-12/2025	Presuposto total: 5.494.236 €	Presuposto CITIUS: 439.110,88 €	
Resumo. DATALife foi deseñado tendo en conta o potencial e os retos futuros de Galicia, as súas capacidades actuais de I+D e os seus puntos fortes tradicionais. Rica en recursos naturais, Galicia ten a oportunidade de xestionalos dunha maneira intelixente, que garanta a súa sustentabilidade, un medio ambiente san e modelos de negocio que acheguen valor a quen traballa no medio rural. Cunha das esperanzas de vida máis longas do mundo, debe dar un paso adiante para ofrecer calidade de vida á súa poboación envellecida, con mellores medicamentos e servizos asistenciais, explotando innovacións baseadas na combinación de información complexa e modelos analíticos avanzados. Co obxectivo común de acelerar a transformación dixital, as universidades, os sectores tecnolóxicos e de competencias, as agrupacións industriais sectoriais e as grandes empresas traballarán xuntos, creando unha economía xusta, ecolóxica e saudable, adecuada para a era da información. Unha revolución dixital de alta calidade centrarase nas persoas, a contorna na que viven e o seu benestar. Isto lograrase aumentando a adopción da IA nas PEME e a administración pública con aplicacións fáciles de usar; creando espazos de datos colaborativos e federados; descargando aos traballadores mediante a recuperación automática de datos con IoT; mantendo a competitividade mediante o uso de HPC e protexendo os datos sensibles coas últimas aplicacións europeas de ciberseguridade.				

TRANSFIRESaúde: Impulso de la integración del ecosistema de I+i en salud euro regional para la adopción de soluciones avanzadas en el marco del envejecimiento activo y saludable			
Investigador: Manuel Lama Penín		Rol: Socio	
Convocatoria: Programa de Cooperación Interreg VI A España-Portugal (POCTEP)		Ref: 0144_TRANSFIRE SAUDE_1_E	Web: https://citius.gal/es/research/projects/impulso-da-integracion-do-ecosistema-de-ii-na-saude-eurorrexional-para-a-adopcion-de-solucions-avanzadas-no-marco-do-envelhecimento-activo-e-saudable/ https://www.transfiresaude.eu
Ano de concesión: 2023	Duración: 07/2023-06.2026	Presuposto total: 1.365.853,23 €	Presuposto CITIUS: 295.221,20 € (financiación: 221.415,90 €)
Resumo. A eurorrexión afronta un grave problema ligado ao drástico envellecemento da súa poboación, cunha das peores cifras nesta cuestión a nivel europeo. É un proceso que se está agudizando paulatinamente e que afecta de maneira significativa aos servizos de saúde, con especial incidencia na atención primaria. Resulta esencial abordar esta problemática a través de mecanismos que aseguren a sustentabilidade do sistema sanitario á vez que, convertendo a necesidade en virtude, convertan esta problemática nunha oportunidade de desenvolvemento económico como eurorrexión punteira e transformadora no que concirne ao envellecemento activo e saudable. Desta maneira, TRANSFIRESAUDE aposta polo reforzo da integración do ecosistema de Investigación e innovación en saúde eurorrexional para o desenvolvemento conxunto de actuacións enfocadas á adopción de solucións innovadoras, especialmente no marco da IA, para abordar os retos vinculados ao envellecemento activo e saudable (EAS) e á medicina personalizada (MP), preferentemente na contorna da atención primaria.			

SOSFood - Sustainability Optimization for Secure Food Systems			
Investigador: Paulo Félix Lamas		Rol: Socio	
Convocatoria: Horizon Europe, CL6 - Alimentación, Bioeconomía, Recursos Naturais, Agricultura e Medio Ambiente, European Union		Ref: 101134894	Web: https://citius.gal/gl/research/projects/optimizacion-da-sostibilidade-para-sistemas-alimentarios-seguros/
Ano de concesión: 2023	Duración: 02/2024 - 02/2028	Presuposto total: 3.952.196,25 €	Presuposto CITIUS: 449.671,25 €
Resumo. Na actual emerxencia ambiental, o sistema alimentario debe volverse máis produtivo, inclusivo, sostible e resiliente. O proxecto SOSFood utilizará tecnoloxías de explotación de datos e baseadas en Intelixencia Artificial para proporcionar unha imaxe holística e completa do sistema alimentario da UE e desenvolver ferramentas predictivas adaptadas para apoiar decisións ben informadas de todos os actores da cadea alimentaria, cun enfoque multifactorial, multiactor e multiescala, grazas ao seu consorcio multidisciplinario de expertos, tanto do sector privado como público, á investigación académica e aos representantes do sistema alimentario (consumidores, produtores e industrias).			

AquatechInn 4.0: Aprendizaxe digital en acuicultura 4.0 para la formación tecnológica de técnicos de piscifactorías			
Investigador: Manuel Lama Penín		Rol: Socio	
Convocatoria: 2022		Ref: 101108913	Web: AquatechInn 4.0
Ano de concesión: 2022	Duración: 07.2023-06.2026	Presuposto total: 1.114.112,80 €	Presuposto CITIUS: 89.277,60€
Resumo. A acuicultura é un sector estratéxico para Europa. Un consorcio de actores europeos clave do sector acuícola europeo (asociacións empresariais e empresas acuícolas), universidades, centros de formación profesional e centros de investigación con experiencia no sector propoñen a creación do programa formativo de referencia AQUATECHInn 4.0 que aglutine os avances tecnolóxicos e produtivos máis innovadores desenvolvidos para o sector, adaptados á nova Industria 4.0 incorporando a Realidade Virtual e a Gamificación e dando resposta ás novas demandas do mercado laboral. Os produtos finais do proxecto serán ferramentas avanzadas de formación baseadas na aprendizaxe dixital semipresencial, co uso de simuladores, gamificación e recursos educativos abertos (MOOCs).			

ROBOTA-SUDOE: Robótica, Digitalización, y Automatización como motores de Competitividad y Crecimiento de las PYMES			
Investigador: Juan Antonio Corrales		Rol: Socio	
Convocatoria: 2023		Ref: S1/1.1/P0125	
Ano de concesión: 2023	Duración: 01/2024-12/2026	Presuposto total: 1.918.293,36 €	Presuposto CITIUS: 363.058,07 €
